

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CSTCP01	Patronaxe e moda	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0285	Patronaxe industrial en téxtil e pel	2023/2024	0	266	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	JUAN PRIETO GONZÁLEZ, TAMARA VALVERDE PEREIRA (Subst.)
Outro profesorado	TAMARA VALVERDE PEREIRA

Estado: Pendente de supervisión inspector

**2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación**
**2.1. Primeira parte da proba**
**2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Elabora táboas de medidas segundo tipos de patrón e talles normalizados, e analiza os puntos anatómicos que interveñen.
RA2 - Elabora patróns do modelo no talle base mediante ferramentas manuais e informáticas.
RA3 - Transforma patróns base aplicando variacións formais e volumétricas, mediante ferramentas manuais e informáticas.
RA4 - Elabora modelos e coleccións modificando patróns do modelo prototipo, mediante ferramentas manuais e informáticas.

**2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identifícanse as medidas que identifican o talle en cada peza.
CA1.2 Identifícanse os puntos anatómicos que interveñen na creación de diferentes patróns.
CA1.3 Defínense as principais características físicas de cada grupo (bebé, nenos, adolescente, xente nova e adultos).
CA1.4 Estímense os desafogos e as folguras en función do material e tipo de peza.
CA1.5 Elaboráronse cadernos de talles de patronaxe en función das configuracións corporais establecidas.
CA1.6 Identifícanse os talles normalizados españois (TNE).
CA1.7 Elaboráronse cadernos de talles de patronaxe a partir de táboas normalizadas.
CA2.1 Identifícanse medidas, técnicas, materiais e acabamentos.

Criterios de avaliación do currículo
CA2.2 Relacionouse a táboa de medida de patronaxe co patrón que cumpra trazar.
CA2.3 Tivéronse en conta os desafogos e as folguras en función do material e do tipo de peza.
CA2.7 Marcáronse os sinais requiridos no proceso de unión de pezas.
CA2.9 Incorporáronse as especificacións dos patróns á documentación técnica.
CA3.1 Identificouse o tipo de transformación que requira o modelo.
CA3.2 Seleccionouse o patrón base de acordo co tipo de transformación que se vaia realizar.
CA3.3 Seleccionouse a técnica máis adecuada para transformar o patrón.
CA3.7 Marcáronse os sinais requiridos no proceso de unión de pezas.
CA4.1 Identificáronse os patróns para a obtención de novos modelos.
CA4.2 Aplicáronse variacións necesarias ao patrón para conseguir novos modelos.
CA4.5 Marcáronse os sinais requiridos no proceso de unión de pezas.
CA4.6 Identificáronse os patróns principais, os secundarios e os auxiliares.

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Elabora táboas de medidas segundo tipos de patrón e talles normalizados, e analiza os puntos anatómicos que interveñen.
RA2 - Elabora patróns do modelo no talle base mediante ferramentas manuais e informáticas.
RA3 - Transforma patróns base aplicando variacións formais e volumétricas, mediante ferramentas manuais e informáticas.
RA4 - Elabora modelos e coleccións modificando patróns do modelo prototipo, mediante ferramentas manuais e informáticas.

**2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identifícanse as medidas que identifican o talle en cada peza.
CA1.2 Identifícanse os puntos anatómicos que interveñen na creación de diferentes patróns.
CA1.3 Defínense as principais características físicas de cada grupo (bebé, nenos, adolescente, xente nova e adultos).
CA1.4 Estímense os desafoxos e as folguras en función do material e tipo de peza.
CA1.5 Elaboráronse cadernos de talles de patronaxe en función das configuracións corporais establecidas.
CA1.6 Identifícanse os talles normalizados españois (TNE).
CA1.7 Elaboráronse cadernos de talles de patronaxe a partir de táboas normalizadas.
CA2.1 Identifícanse medidas, técnicas, materiais e acabamentos.
CA2.2 Relacionouse a táboa de medida de patronaxe co patrón que cumpra trazar.
CA2.3 Tivéronse en conta os desafoxos e as folguras en función do material e do tipo de peza.
CA2.4 Debuxáronse as liñas do patrón seguindo as normas de trazado.
CA2.5 Verificouse a concordancia das medidas.
CA2.6 Comprobouse a situación dos puntos de axuste.
CA2.7 Marcáronse os sinais requiridos no proceso de unión de pezas.
CA2.8 Cortáronse os patróns seguindo os sinais e os perfís marcados.
CA2.9 Incorporáronse as especificacións dos patróns á documentación técnica.

**Crterios de avaliación do currículo**

CA3.1 Identificouse o tipo de transformación que requira o modelo.

CA3.2 Selecionouse o patrón base de acordo co tipo de transformación que se vaia realizar.

CA3.3 Selecionouse a técnica máis adecuada para transformar o patrón.

CA3.4 Aplicáronse ao patrón as variacións necesarias para obter o modelo.

CA3.5 Obtívose o patrón do modelo no talle prototipo.

CA3.6 Comprobase a concordancia das medidas e os puntos de adaptación e unión.

CA3.7 Marcáronse os sinais requiridos no proceso de unión de pezas.

CA3.8 Modificáronse os patróns en función da proba do prototipo.

CA4.1 Identificáronse os patróns para a obtención de novos modelos.

CA4.2 Aplicáronse variacións necesarias ao patrón para conseguir novos modelos.

CA4.3 Selecionouse a técnica máis adecuada para transformar o patrón.

CA4.4 Comprobase a concordancia das medidas e os puntos de adaptación e unión.

CA4.5 Marcáronse os sinais requiridos no proceso de unión de pezas.

CA4.6 Identificáronse os patróns principais, os secundarios e os auxiliares.

**3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

MINIMOS ESIXIBLES:

Os resultados de aprendizaxe deben inferir que as persoas van desempeñar de forma eficaz e eficiente as funcións no campo profesional asociado ós mesmos. Convértense na especificación da formación que

permite valorar que as actividades de traballo vanse realizar de acordo ós estándares de competencia do sistema produtivo e ao dominio de coñecementos técnicos de patronaxe. O conxunto de resultados de aprendizaxe descritos no ciclo formativo deben permitir as evidencias suficientes para poder inferir que as persoas posúen as competencias profesionais, persoais e sociais definidas no perfil profesional.

Polo tanto, son mínimos esixibles todos os criterios de avaliación do currículo, para garantir que as persoas aspirantes acaden os resultados de aprendizaxe e polo tanto as competencias profesionais, persoais e sociais do perfil profesional e que de forma xeral poden resumirse como:

-Identificar as medidas anatómicas que interveñen no patronaxe e coñecer a relación entre estas e os distintos conceptos que se utilizan na elaboración dos distintos patróns, e que se reflexan nas táboas de patronaxe.

-Traza os patróns base segundo as normas de trazado, para diferentes talles.

-Saber razoar e engadir desafogos que corresponden a cada prenda, segundo o modelo e materia prima empregada.

-Interpretar modelos: identificar o patrón base a empregar, elixir e aplicar a técnica máis axeitada para transformar o mesmo, obtendo así o novo modelo.

-Obter, a partir do plantexamento das transformacións, as distintas pezas, identificándoas correctamente e engadíndolles as marcas correspondentes tanto internas como externas.

-Comprobar os percorridos e concordancia dos mesmos nas pezas que se van ensamblar, verificando que as marcas están situadas axeitadamente.

-Ser capaz de corrixir erros ou desaxustes nos patróns, que resulten do apartado anterior.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- A primeira parte da proba suporá a realización dun exame teórico que versará sobre os contidos conceptuais do módulo.

- Esta proba consistirá nunha batería de preguntas de resposta curta e/ou de tipo test. No caso de preguntas tipo test cada resposta incorrecta anulará unha correcta calquera do exame e no caso de preguntas de resposta curta cada resposta incorrecta anulará a metade dunha resposta correcta calquera do exame. Cada resposta en branco anulará unha correcta tanto en preguntas tipo test coma en preguntas de resposta curta. Ademais, nas preguntas tipo test, considérase tamén incorrecto, cando unha pregunta tipo test ten varias solucións e non se escolleron tódalas opcións correctas.

- Para calcular a nota empregarase a seguinte fórmula:  $[(n^{\circ} \text{ respostas correctas} - ((n^{\circ} \text{ erros test}) + (n^{\circ} \text{ erros resposta curta}/2) + (n^{\circ} \text{ en branco}))]/n^{\circ} \text{ preguntas}] \times 10$

- A primeira parte da proba terá carácter eliminatorio. Cualificarase de 0 a 10 puntos. Para superar dita proba, e poder acceder á proba práctica, será preciso obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

- Superada a primeira proba procederáse a realizar a parte práctica, que consistirá no desenvolvemento dun ou varios supostos prácticos, consistentes na interpretación dun ou mais modelos, realización dos patróns base, na talla que se solicite, transformación do mesmo, para convertelo no modelo ou modelos que se piden, e obtención de tódalas pezas debidamente identificadas e marcadas.
- Esta segunda parte, tamén se cualificará de 0 a 10 puntos, e para superala, deberase obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.
- A puntuación global da proba, unha vez superadas as dúas partes, será a media aritmética da puntuación obtida en cada parte (teórica e práctica), expresada con números enteiros e redondeada ao enteiro máis próximo, se a puntuación é superior a cinco puntos e ao enteiro sen decimais cando sexa inferior a 5 puntos. Para aprobar o módulo, deberanse aprobar as dúas partes, é dicir, obter en cada unha polo menos un 5.
- Só accederán á segunda parte da proba aquelas persoas candidatas que teñan superada a primeira parte da proba.
- Aquelas persoas que non superen a primeira proba serán cualificadas con cero puntos na segunda proba. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, suspenderán a proba do módulo, e a puntuación final máxima que poderá asignárselles será de 4 puntos.
- Non se correxirán respostas con letra ilexible ou ambigüas
- O profesor ou profesora poderá excluír de calquera parte da proba do módulo profesional Patronaxe Industrial en Têxtil e Pel ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento. Non estará permitido, nin deixar ou ter encima da mesa, nin levalo posto, dispositivos electrónicos (móviles, reloxes, calculadoras,...), así como ningún material non autorizado na cabeceira do exame. A tenencia deste material levará a expulsión da proba e o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba con cero puntos.
- Para a realización das dúas probas (teórica e práctica), poderáse facer preguntas na proba teórica ou realización de patróns e transformacións na proba práctica, empregando o programa informático de patronaxe instalado no aula CAD têxtil, LECTRA PGS V12: LECT, PGS, GENMA, MARKA. Na proba práctica, o emprego do programa informático de patronaxe, LECTRA PGS V12, virá condicionado polo enunciado de cada exercicio.
- Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte que deberá estar a disposición do profesorado enriba da mesa, se non o presenta, non poderá efectualo devandita proba.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

A primeira parte da proba consistirá nun exame teórico e escrito, que permitirá ós alumnos demostrar os seus coñecementos técnicos sobre os contidos do módulo. Este exame comporase dun conxunto de preguntas tipo test e/ou preguntas de resposta curta, ás que se responderá tamén de forma breve e concisa.

Só se cualificarán, nas preguntas tipo test, as respostas marcadas cun círculo e a bolígrafo azul. No caso de contestar e quírase trocala resposta, riscar o círculo cun X e volver marcar outro círculo coa nova resposta. Seguir este procedemento no caso de volver trocar a resposta. No caso de que se queira escoller de novo a resposta, e esta xa está seleccionada cun círculo e riscada cun X, simplemente encher o interior do círculo co bolígrafo, deste xeito quedará a resposta ou respostas elixidas.

Na proba teórica, poderáse facer preguntas sobre o programa informático de patronaxe instalado no aula CAD téxtil, LECTRA PGS V12: LECT, PGS, GENMA, MARKA.

Será preciso para a realización da proba, levar o DNI, se non o presenta, non poderá efectuala devandita proba.

Instrumentos necesarios: bolígrafo azul e calculadora (non se permitirá o emprego do móbil). O emprego do móbil, tablet, portátil... suporá a anulación da proba.

O candidato/a contará con 1 hora e media para levar a cabo a realización desta proba.

Tódalas follas deberán ter Nome, Apelidos, data e sinatura.

##### 4.b) Segunda parte da proba

A segunda parte da proba consistirá na realización dun patrón base e na posterior interpretación e trazado dun modelo proposto, do que se obterán as pezas necesarias para a realización do mesmo. Este modelo poderá ser un deseño de dona, cabaleiro, neno e/ou lencería, tanto de tecido rectilíneo como de punto. Así mesmo poderáselle pedir ó alumno a elaboración de fichas técnicas, ou a elaboración de táboas de medidas.

Para a realización da proba práctica, poderáse pedir a realización de patróns e transformacións, empregando o programa informático de patronaxe instalado no aula CAD téxtil, LECTRA PGS V12: LECT, PGS, GENMA, MARKA. O emprego do programa informático de patronaxe, LECTRA PGS V12 na proba práctica, virá condicionado polo enunciado de cada exercicio.

Será requisito indispensable para realizar a proba práctica presentarse co seguinte material: lapis ou portaminas adecuado para o trazo de patróns, escalímetro con escala 1:200, xogo de regras curvas, escuadra e cartabón, regra de ao menos 40 cm, goma, bolígrafo azul, cinta métrica, tesoiras de papel, cinta de carroceros, calculadora (non se permitirá o emprego do móbil). O emprego do móbil, tablet, portátil... suporá a





anulación da proba.

Será preciso para a realización da proba, levar o DNI, se non o presenta non poderá efectuala devandita proba.

O candidato/a contará con 4 horas para levar a cabo a realización da proba.

Tódalas follas e patróns deberán ter Nome, Apelidos, data e sinatura.